

Velázquez visita a escola infantil

Grupo de traballo:
MANDORLA*

mandorla@onosolar.net

A experiencia que explicamos neste artigo levámola a cabo con nenos e nenas de educación infantil e tivo como obxectivo fundamental amosarlles o mundo a través dun gran pintor como Velázquez. Esta maneira de traballar contribuíu a avivar no alumnado o gusto pola estética, o achegamento á cultura e a creatividade. Ao mesmo tempo, nas tarefas diarias impulsábanse capacidades, como observar, analizar, comparar, tentear, deducir, interpretar... e todo, dun xeito moi atraente.



Somos un grupo de traballo formado por sete mestras de educación infantil e desenvolvemos o noso labor con alumnado de 3, 4 e 5 anos en distintos centros urbanos da provincia da Coruña. Este proxecto xurdiu ao constatar que o cadro Las Meninas lles resultaba moi atractivo, pola súa estética e por ser a súa figura central, a infanta Margarita, unha nena de curta idade.

Á hora de abordar o proxecto decidimos dividilo en dous grandes bloques: a vida e obra de Velázquez e Las Meninas.

A brevidade que esixe este artigo obríganos a centrar a nosa exposición en dúas epígrafes.

Quen é Velázquez

A idea era que os nenos e as nenas se achegasen á figura de Velázquez a través da súa vida, polo que buscamos os datos máis representativos da súa historia.

Así se foi construíndo a súa biografía e, aproveitando a curiosidade natural dos pequenos, puidemos traballar as características destes tipos de textos, mentres eles ían recoñecendo aqueles aspectos que os diferencian dos demais. Á vez, e dunha maneira funcional, os rapaces avanzaban no dominio do sistema de escritura. Os contidos desenvoltoos quedan reflectidos no cadro seguinte:

Propiedades do tipo de texto	Propiedades do sistema de escritura
<p>Función Relación co real</p>	<p>Diferenza debuxo-escrita Propiedades cualitativas e cuantitativas Direccionalidade do sistema</p>

As actividades sucedíanse de acordo con esta secuencia:

Primeiro explicámoslles o que é unha biografía e a súa estrutura. Cando se familiarizaron con este tipo de texto, cada un contaba a súa propia historia persoal, actividade que durou varias sesións.

Para finalizar, lemos na clase biografías procedentes de diferentes fontes: Internet, libros...

Con toda esta bagaxe pasamos a elaborar entre todos a biografía do pintor, a partir dos textos que se leran. Unha vez máis recordámoslles a estrutura que debía ter o escrito: infancia, xuventude e madurez. Os nenos facían achegas que a mestra recollía para dar logo o último paso: a escritura individual da biografía por parte do alumnado.

As súas pinturas

Partimos do cadro Las Meninas, aínda que tamén se fixeron actividades con outras obras do autor. O que queríamos conseguir era que os nenos e as nenas aprendesen a observar, a formular hipóteses sobre o que pasa na escena observada e analizar os diferentes personaxes que a compoñen.

Comezamos por coñecer as ideas previas do noso alumnado, así como a súa capacidade para reflexionar sobre algo descoñecido, valorando a súa creatividade e imaxinación nas respostas.

A actividade consistía en que comentasen, describisen ou falasen do que vían no cadro (ver: Achegas infantís). Reproducimos os comentarios dos alumnos na lingua que empregan nas diferentes escolas, que, como se pode observar, nuns casos é o galego e noutros o castelán.

Achegas infantís

- **Nerea:** la princesa está con un vestido muy bonito y tiene un perro muy bonito.
- **Jacobo:** al lado hay un cuadro muy gigante, porque se ven los marcos, casi como el corcho.
- **Alex e Pablo:** pero no está en forma horizontal, acostado, está en vertical, de pie.
- ...
- **Uxía:** hay un perro acostado, Margarita está mirando al perro.
- ...
- **Juanma:** el perrito es muy extraño, porque a lo mejor está siempre durmiendo.
- **Leila:** no ves que lo despertó el del pantalón rojo.
- **Uxía:** el perro está mirando para nosotros.
- **Delia:** un señor está “petando” en la puerta.
- **Jacobo:** es un cuadro.
- **María:** ¡no!, ¿no ves las escaleras?.
- **Alex:** puede haber un cuadro con escaleras.
- **Nerea:** hay muchas señoras y un señor es el que está pintando el cuadro muy grande.
- **Jacobo:** creo que es Francisco de Goya (aparecía tamén no conto narrado como elemento motivador).
- **Selena:** hay una niña princesa vestida de azul oscuro, mirando para nosotros.
- **Uxía:** es una señora muy bajita, como las que hay en la calle de verdad, enanita.
- ...

E ti que ves?

- **Irene:** é unha foto e vexo un can.
- **Adrián:** hai unha moza que abre a porta.
- **Beatriz:** vexo unha nena.
- **María Fraga:** non é unha moza, é un señor abrindo a porta, vexo unha princesa co pelo rizo ao lado da princesa branca.
- **Iria:** é unha princesa porque ten flores (no peito).
- **María Fernández:** outra princesa está subindo, pisando o can; o can está enfadado, o can está deitado.
- **Hugo:** a bruxa con saia, díxolle a nena que pisara o can. Ten unha cara fea.
- **Pablo M.:** hai un pintor, ten un pincel nunha man e na outra, cousa para pintaré un cadro. E debuxouno María Álvarez Blázquez.
- **María E.:** é unha princesa (pola anana).
- **Esmeralda:** hai unha princesa pequena, non, hai dúas pequenas e as demais grandes.
- **Iván:** vexo a bruxa (a do veo) xunto a unha princesa.
- **Pablo V.:** vexo unhas bailadoras porque teñen o pelo longo.
- **Pablo D.** hai unha porta grande (polo bastidor), vexo un cadro (polo espello), non, 3 cadros.
- **Inés:** non, hai máis cadros tamén na outra parede, (empeza a contalos 1, 2, 9)
- **Vera:** hai unha señora porque ten un chaleco.
- **Nuria:** hai unha princesa.
- **Uxía:** hai dúas lámpadas e non é unha porta. É un cadro grande.
- ...

Novos escenarios, novos recursos

Á hora de levar a cabo este proxecto parecíanos importante que os pequenos puidesen coñecer de cerca un museo, para algúns descoñecido. Entendiamos que a visita lles podía dar unha idea sobre a importancia da arte, ao ter un lugar propio no que se pode compartir, contemplar, admirar e, que serve á par, para ampliar o noso coñecemento.

Antes da visita realizamos na clase as seguintes actividades: propuxémoslles aos nenos que imaxinasen como podería ser un museo, para que serve, que podemos atopar nel, debuxamos como cremos que é, buscamos no mapa onde se atopa o Museo do Prado, analizamos o seu plano, as portas e a sala na que se sitúa o cadro Las Meninas, e como remate de todo este traballo, realizamos unha visita real ao CGAC. Desta maneira pretendiamos que visualizasen o espazo físico e contactasen coa arte contemporánea.

Como na maioría dos traballos, pedimos a colaboración das familias. As achegas dos pais e das nais foron, coma sempre, moi valiosas: fixeron contos e achegáronnos láminas, enciclopedias, diverso material recollido en Internet, xogos elaborados na casa... o que contribuíu a aumentar o interese dos nenos. Unha das familias visitou o Museo do Prado e compartiu a experiencia connosco na escola.





A medida que nos introduciamos na vida e obra de Velázquez, os nenos aprendían a escribir unha biografía

A continuación presentaron os personaxes individualmente, lemos información de cada un deles e, finalmente, asociamos o nome a cada imaxe; cuantificámoslos, algúns nenos non contan o can como personaxe e diferenciaban entre persoas e animais (recollidas en: E ti que ves?). Estimaron a idade da infanta Margarita, fixeron descrições orais e escritas, e representacións espaciais.

O traballo resultou tan interesante que derivou noutro tipo de actividades, como a de situar os elementos e os personaxes do cadro no espazo tridimensional, actividades sobre conceptos espaciais e de cantidade, etc.

Tamén fixeron outras versións del, ou mesmo, dalgún personaxe. Por último, miramos e observamos outras pinturas de Velázquez nas que está a infanta Margarita e outros membros da súa familia. Con eles compuxemos a árbore xenealóxica e, posteriormente, os nenos e as nenas realizaron a súa propia, coa axuda dos seus pais e nais.

O Centro Galego de Arte Contemporánea deulle a ocasión de coñecer de preto un museo e gozar coa arte



A xeito de conclusión, temos que dicir que a curiosidade que se suscitou entre o noso alumnado e as familias levou a que, non só mostrasen interese pola propia obra, senón tamén pola época na que viviron os personaxes que nela se reflicten. Isto, unido ao mundo dos contos, do que xorden palacios, princesas, reis... potenciou a imaxinación dos nosos alumnos e alumnas. Desta maneira e, a través do xenial pintor don Diego Velázquez, gozaron, comprenderon e descubriron o mundo que nos rodea, algo que compartiu toda a comunidade educativa da que eles forman parte.

Bibliografía

- CALVO SERRALLER, F. (2007)
Guía de sala Velázquez. Madrid, Fundación Amigos del Museo del Prado.
- FINALDI, G. (2006)
Velázquez. Las Meninas. Londres, Scala.
- GARCÍA, M. (2005)
Mateo, un paseo por el museo del Prado. Barcelona, SerreS.
- JANE, J. S. (1995)
La princesa y el pintor. Barcelona, Serres.
- VV. AA. (2003)
Las Meninas. Proyecto para educación infantil. Madrid, Comunidad de Madrid, Consejería de Educación.
- VV. AA. (2005)
Las tres mellizas y Velázquez. Barcelona, Cromosoma.

Forman o grupo de traballo MANDORLA

Dolores P. Pato Gándaras

Coordinadora
CEIP Ramón Cabanillas
Santiago de Compostela

María Teresa Fuertes Fraile

CEIP Raíña Fabiola
Santiago de Compostela

Alicia María Leboráns Budiño

CEIP Lamas de Abade
Santiago de Compostela

Celia Moreno Trigo

CEIP de Sigüeiro
Sigüeiro - Oroso

María del Carmen Penide Mareque

EEl Fernández Varela
A Pobra do Caramiñal

Norma Pérez López

EEl Conchido
A Pobra do Caramiñal

Rosa María Raviña Díaz

CEIP Fríons
Ribeira